



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Primeiros auxilios e técnicas de rescate en traballos de poda mediante gabeo

GRUPO: Consellería de Medio Rural

ÁREA: Consellería de Medio Rural

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	30
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	ANULADO	ANO:	2016
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	ESPECÍFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 09/07/2016 - 08:00h ao 18/07/2016 - 14:00h

RESPONSABLE: ROMERO BALEIRON, ANGEL [angel.romero.baleiron@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O curso faise necesario para impartir a unidade formativa “Desprazamentos e traballos en altura” no módulo de “Repoboacións forestais e tratamentos selvícolas”, dentro do ciclo de grao medio APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL, de contido esencialmente práctico na que o encargado da mesma debe solventar as incidencias que podan producirse en materia de seguridade no ascenso, descenso, desprazamentos e traballos nas árbores.

Este curso pretende a adquisición por parte do alumnado dos coñecementos teórico-prácticos suficientes para o auxilio dun accidentado en traballos de altura de arbolado por métodos de trepa, para a súa aplicación sobre a vítima de xeito eficaz, con descenso da mesma de forma rápida e segura.

DESTINATARIOS

O curso está dirixido ao persoal da administración encargado de realizar labores de poda en altura mediante trepa de arbolado ben sexa como operario, como encargado de equipo ou como formador de alumnado en materia de trepa de arbolado.

Deberá ter coñecementos e práctica sobre trepa de arbolado e levar consigo o equipo necesario (si é posible), para facilitar a realización de prácticas (arnés, cordas e cordinos, casco, aparatos mecánicos de ascenso e descenso de árbores). Imprescindible calzado e roupa adecuados para a actividade.

PROGRAMA

1. Primeiros auxilios: paro cardíaco (masaxe cardíaca), asfixia (boca a boca), picaduras, alerxias, cortes, contusións (entablillado), caídas (inmovilización), queimaduras por fricción, electrocución, pánico...
2. Riscos de accidente en traballos de poda mediante trepa de arbolado, EPI e prevención.
3. Rescate de operarios en altura, situación das vítimas, ascenso, incorporación e descenso.
4. Técnicas de rescate:
 - mesma corda, corda auxiliar, nova corda, trepa en simple.
 - accidentado conciente, inconsciente.
 - métodos de fortuna.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Terán prioridade os traballadores dos centros de formación e experimentación agroforestal que imparten as clases prácticas da unidade formativa “Desprazamentos e traballos en altura” no módulo de “Repoboacións forestais e tratamentos selvícolas”, dentro do ciclo de grao medio APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL. Si sobran prazas poderán admitirse a outros profesores dos CFEAs da Consellería de Medio Rural e de non completarse o número de alumnos a outros traballadores da Consellería de Medio Rural que estean interesados neste tema.

3. DATOS EDICIÓNS

SERGUDE

LOCALIDADE: SERGUDE

INICIO / FIN: 02/09/2016 a 12/09/2016

NUM. PRAZAS: 35

ESTADO: NORMAL

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE